

## **Vacunación de recordo en persoal de institucións sanitarias e sociosanitarias**

Na estratexia de vacinación fronte ao COVID, tras unha análise exhaustiva dos estudos realizados, recentemente apróbase por acordo da Comisión de Saúde Pública a indicación dunha dose de reforzo que se vai a administrar a persoas con pauta completa (tal e como se pode ver na Actualización da Estratexia 9 modificada que se pode consultar en:)

[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/covid19/docs/COVID-19\\_Actualizacion9\\_Modificada\\_EstrategiaVacunacion.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/covid19/docs/COVID-19_Actualizacion9_Modificada_EstrategiaVacunacion.pdf)

Esta dose adicional ou de recordo, dependendo da poboación a quen vai dirixida, ten unha priorización, empezando polas persoas de máis idade e os colectivos de maior vulnerabilidade.

A Comisión de Saúde Pública na súa xuntanza do 23 de novembro de 2021, aprobou a extensión da vacinación, entre outros, ao persoal das institucións sanitarias e sociosanitarias debido ao seu maior risco de exposición e por ser un pilar fundamental para manter o funcionamento do sistema asistencial e sociosanitario. O obxectivo coa dose de recordo é o aumento da protección e a posible redución da transmisión neste colectivo, aprobándose a administración dunha dose de recordo con vacinas de ARNm (0,3 ml de Comirnaty ou 0,25 ml de Spikevak) a partir dos 6 meses se xa recibiron con anterioridade outra vacina de ARNm ou de 3 meses se a vacina recibida foi do laboratorio Astra-Zeneca ou Janssen.

En base á evidencia científica actual, poderase utilizar calquera vacina de ARNm para administrar a dose de recordo, independentemente da vacina utilizada en primovacinação, tal e como se recolle en:

- "Recomendaciones de administración de dosis de recuerdo frente a COVID-19" .

[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/covid19/docs/Dosis\\_de\\_reuerdo\\_frente\\_a\\_COVID\\_trasCSP\\_23nov2021.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/covid19/docs/Dosis_de_reuerdo_frente_a_COVID_trasCSP_23nov2021.pdf)



- Guía sobre utilización de vacunas para personal sanitario. Estrategia de Vacunación frente a COVID-19 (actualizada o 26 noviembre 2021):

[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/covid19/docs/COVID-19\\_Guia\\_utilizacion\\_vacunas\\_personalsanitario.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/covid19/docs/COVID-19_Guia_utilizacion_vacunas_personalsanitario.pdf)

- Na nosa Comunidade estas recomendacións están recollidas no Plan galego de Vacinación fronte ao COVID versión 6.3:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/983/pgvcovid63.pdf>

Cómpre engadir que, ao longo de toda a estratexia de vacinación fronte ao COVID-19, mantívose a máxima de poñer a disposición da cidadanía as vacinas dispoñibles a medida que ian chegando á nosa Comunidade. Nestes momentos a vacina de ARNm dispoñible maioritariamente en España e polo tanto en Galicia, é a vacina Spikevak do laboratorio Moderna que é a que se está a ofertar, sendo de especial importancia a vacinación canto antes daqueles colectivos especialmente expostos aun maior risco de infección, evitando demoras innecesarias.